

AS VANGARDAS

Co nome de Vangardas faise referencia ós movementos estéticos que desde 1910 ata 1930 quixeron abrir novos camiños na arte e na literatura rompendo coa tradición. Ata entón o ideal artístico de beleza era a imitación da realidade; as vangardas pretenderon non reproducila senón interpretala desde o punto de vista orixinal e irrepitible de cada artista. Supuxeron unha ruptura total coa tradición literaria pero non empezaron de cero:

- os seus fundamentos estéticos xa apareceron no individualismo creador do Romanticismo,
- na superación dos recursos estéticos caracterizadores do simbolismo e do expresionismo, e
- na forte influencia causada polos acontecementos históricos de principios de século: a rebeldía contra a guerra, o avance científico e técnico e as novas teorías sobre a natureza humana como a psicanálise, o existencialismo ou o marxismo.

Características comúns das vangardas

Todos os movementos de vangarda comparten os seguintes trazos:

Afán de orixinalidade. A innovación alcanza a todo: linguaxe, métrica, temas... prescín-dese do metro e a rima e faise verso libre; abandónanse os eternos temas da poesía — vida, amor, morte...— ou abórdanse despoixados da súa grave transcendencia, con alar-des de enxeño e incluso en ton humorístico.

Hermetismo. O poeta renuncia á súa antiga e romántica condición de vate, de guía es-piritual de pobos, de membro social investido de atributos transcendentales e case sa-grados, para converterse nun profesional, un técnico que ten como cometido facer poemas, desprezando as normas e convencións do bo gusto burgués.

Antirrealismo e Antirromanticismo. Toda poesía, non só a realista, tiña algún significa-do, estaba asociada a un contido. Agora o poeta quere evadirse desta servidume. Para logralo, afánase en romper os vínculos tóxicos da frase e da sintaxe.

Intrascendencia. A arte debe carecer de toda finalidade extraestética, de toda trans-cendencia moral, social, filosófica.

Predominio da metáfora. Nunha poesía que pretende deformar a realidade é normal que a metáfora se convertese na súa espiña dorsal.

Os movementos vangardistas que xurdiron por Europa a principios de século publica-ron manifestos para dar a coñecer os seus fundamentos teóricos. O manifesto vangar-dista galego foi escrito por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro en 1922. Velaquí algúns anacos dese manifesto que os autores titularon Máis ala:

Tamén nós temos, inda que noutra orde, os nosos imperativos, e comezamos pola máis agresiva intransixencia na fala.

Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sufrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete huchas concéntricas, porque o seu estado ceibe permitirlle axeitarse a todas as novidades, a todos os variamentos porviristas que tome o noso gusto...

Renegamos dos mestres e dos seus consellos. Toda voz al lea tende a escusar a nosa sinceridade, que é sagra porque é a nosa vida e debemos respectala, a non ser desleigados con nós mesmos...

Renegamos dos temas obrigados. É vergoñoso falar da escravitude da Terra, mentres non se teña feito todo o que cómpre por anulala. O pranto e a elexía fixo coidar ós alieos que somos un pobo de mulleres...

Principais movementos da vangarda internacionais

Os movementos vangardistas de principios de século que máis influencia tiveron na evolución das artes foron:

- O Futurismo. Creouno o italiano Marinetti (1876-1944). O Futurismo loa a civilización construída sobre o progreso, a máquina, a electricidade. Di o poeta italiano en relación co seu movemento vangardista: "Nós afirmamos que a magnificencia do mundo se enriqueceu cunha beleza nova: a beleza da velocidade. Un automóbil de carreiras co seu capó adornado de grosos tubos semellantes a serpentes de alento explosivo..., un automóbil ruxinte que parece correr sobre a metralla, é máis belo que a Vitoria de Samotracia". Para dotar a linguaxe desta idea de acción e movemento suprime o uso de adxectivos e adverbios así coma o emprego da puntuación.

- O Cubismo. Creouno o francés Apollinaire (1880-1918) a partir dalgúns presupostos futuristas. Na súa obra Caligramas (1918) amosa a supresión da puntuación e a fusión entre o debuxo e a poesía dispoñendo os versos de maneira que suxiran o tema cantado no poema. Na pintura, o cadro Les demoiselles de Avignon, pintado por Picasso en 1907, marca a aparición do movemento cubista.

- O Dadaísmo. Creouno Tristan Tzara (1896-1963). Foi o movemento vangardista máis rupturista e provocador de todos. O seu obxectivo era negar todo o establecido ata entón sobre a arte: a súa utilidade, a existencia dun autor, a comunicación co receptor, etc. O resultado foi o absurdo pero co mérito de abrílle camiño á vangarda máis fecunda de todas: o Surrealismo.

- O Surrealismo. Constituíu a maior revolución poética do século e a súa influencia aínda pervive hoxe. Inspirado nas teorías de Freud sobre o subconsciente e a interpretación dos soños, André Breton publicou o Manifeste Surrealiste (1924), no que defendía o acto creativo puro liberándoo do plano consciente mediante a escritura automática, asociacións libres de palabras, metáforas insólitas, etc. nas súas palabras: "Automatismo psíquico puro, que se propón expresar, sexa por escrito ou de calquera outra forma, o funcionamento real do pensamento. É o ditado do pensamento, na ausencia de control exercido pola razón e fóra de toda preocupación estética ou moral".

As vangardas galegas

A existencia de poesía vangardista galega debeuse ó afán modernizador e europeizador que tanto as Irmandades como o Grupo Nós desexaban para a cultura galega. nas páxinas de A Nosa Terra, a Revista Nós ou outras como Alfar (A Coruña, 1920), Ronsel (Lugo, 1924), Resol (Santiago, 1930), os poetas galegos tiñan acceso á información e á publicación da súa obra.

O vangardismo galego rompeu, como o europeo, coa tradición e asumiu moitos dos seus principios estéticos pero non se desvinculou do seu compromiso coa sociedade galega e a situación da súa lingua e cultura. En coherencia con isto, os poetas falaban da realidade galega, do home e dos seus sentimentos, algo prohibido no vangardismo

ortodoxo.

Os poetas que mellor representan o vangardismo europeo, en canto que marcan unha ruptura coa tradición, son Manuel Antonio, que segue a estética creacionista, e Álvaro Cunqueiro, na liña do surrealismo. Pero ó lado desas tendencias rupturistas desenvóléronse dous movementos estéticos que seguían mantendo lazos coa tradición: o Neotrobadorismo e o Imaxinismo.

Manuel Antonio

Manuel Antonio Sánchez Pérez naceu en Rianxo en 1900. Fíxose piloto da mariña mercante e navegou por diferentes mares entre 1926 e 1929. A causa da tuberculose morreu en 1930. A súa obra principal foi *De catro a catro*, pero ademais deixou inéditos outros catro cadernos de poesía: *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, *Sempre e máis* despois e *Viladomar*.

Características da obra de Manuel Antonio

Manuel Antonio foi consecuente co rupturismo das vangardas e rachou coa tradición literaria galega. A súa creación quixo ser unha interpretación libre e persoal da realidade, lonxe do estilo ruralista ou proselitista de principios de século.

Dentro das vangardas, Manuel Antonio escolleu o Creacionismo, fundado por Vicente Huidobro. Este movemento, que propuña a liberdade absoluta do poeta, quería destruír as normas da poesía vixente ata entón fuxindo da anécdota argumental, do sentimentalismo, da rima e do ritmo e aspiraba a construír o poema sobre a xustaposición de imaxes e metáforas de interpretación múltiple. Pero Manuel Antonio non é totalmente fiel ós presupostos estéticos do creacionismo. No poema á marxe podemos observar como o poeta rianxeiro constrúe os versos seguindo os principios formais das vangardas (a ausencia do ritmo e metro variable) pero non chega a descargarlos de todo humanismo, tal como preconizaban os movementos rupturistas. Na súa obra non hai unha fuxida consciente do sentimental, senón que achamos frecuentes trazos de lirismo desacougante.

Elexía ao capitán Roald Amundsen que se perdeu no Polo Norte

Oh captain! My captain!

Walt Whitman

PAISAXE:
Ninguén puido encontrar entre a neve
eses beizos xeados
que se lle perderon ao silencio
E as lonxedades
ceibes
descingiron a soidade.
No remuíño
da derradeira ráfega de vento

foise toda esperanza
e o Sol apagado.
Ningunha voz poderá destemerse
sen caer morta aos pés da neve
coma un paxaro novo.
Oh, Capitán! Meu capitán!

Poemas soltos.

Significado de *De catro a catro*

De catro a catro é o diario de a bordo do Manuel Antonio poeta-mariñeiro. Nel escribiu os sentimentos e experiencias vividas durante a travesía. O mar, tan querido para Ma-

Manuel Antonio, convértese no elemento común dos 19 poemas dos que consta o libro e simboliza a vida: un mar aberto a rumbos imprevisibles como os diferentes camiños que se presentan ante nós durante a nosa existencia. O barco representa o poeta, o eu lírico que comeza a viaxe; e todo aquilo que está relacionado co barco ten un significado simbólico: a proa (parte dianteira do barco) marca o futuro, o ronsel (o que queda atrás durante a navegación) é o pasado, o mastro (o pao no que se enganchan as velas) dá ánimos para continuar a travesía, o leme representa o rumbo definido, o vento simboliza o dinamismo, etc.

Nos seus poemas aparecen repetidos unha serie de temas: a soidade, o transcórrense do tempo, a morte, a saudade, o pesimismo fatalista... O naufraxio, moi aludido nos poemas, parece referirse á derrota e fracaso persoal do poeta-mariñeiro.

O manifesto «¡Máis alá!»

«¡Máis alá!» é un breve folleto de oito páxinas publicado en 1922, que aparece dividido en catro partes:

- As dúas primeiras están dedicadas ao pasado e ao presente da literatura galega. Manuel Antonio critica os «vellos», é dicir, os seus contemporáneos, que reproducen os modelos decimonónicos, mais tamén os propios precursores, a Rosalía, a Curros e a Pondal, malia a solicitude de Alvaro Cebreiro, que asina xunto con el o manifesto, de que deixase fóra a Rosalía.

- Na segunda parte arremete contra os «pollitos bien», isto é, contra Valle Inclán e os seus imitadores que, a pesar de seren galegos, empregan o castelán.

- No terceiro apartado exponse a individualidade de Manuel Antonio, que non ve a necesidade de adscribirse a ningún movemento artístico.

- Por último, fai unha chamada á mocidade porque «en cada relanzo d'o camino agárdanos unha voz que nos berra: Máis alá!».

Ademais deste texto, consérvanse outros documentos que achegan información sobre a súa poética e que inciden no carácter rupturista e iconoclasta do autor, como «Un poeta da nosa terra», «Fatiguémonos» e «Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribiu». Neste último, insiste en criticar á «Santa» (Rosalía), ao «Bardo» (Pondal) e ao «Rebelde» (Curros) e a continuación declárase vangardista, salientando o futurismo, o creacionismo e o dadaísmo, sen que isto impida o seu individualismo. Persiste na súa galegitude e no uso exclusivo do galego e renuncia ao ritmo, á rima e á lóxica gramatical.

O hiloísmo

O hiloísmo, tamén denominado imaxinismo, foi a tendencia vangardista que maior éxito alcanzou na súa época. Elixiu como tema central a paisaxe galega, a terra, que constituía un elemento central na procura da identidade desde a perspectiva do nacionalismo e entroncaba ademais coa precedente tradición literaria paisaxística cultivada por Rosalía, Noriega e Cabanillas, entre outros.

Unha característica fundamental do hiloísmo é a humanización da paisaxe: a lúa espreguízase, o vento está triste. É frecuente o uso de emocións, accións, etc humanas para describir cousas inanimadas.

Estou a pensar en tí,
e nas miñas mans saudosas
até o mesmo dolor rí.
Baixo a pregaría oxival
do zarco mar dos teus ollos,
afóganse as miñas verbas
que van pousar no teu colo.
Proel (1927)

En canto á métrica, optou pola tradición e adoita
compoñer versos de arte menor con rima asonante.
A súa obra foi valoradísima polos seus contemporá-
neos e unha serie de creadores rendéronlle ao poeta
unha das máis claras homenaxes: a imitación. Deste
xeito, formouse a escola hилоzoísta que conta entre
os seus membros con Augusto María Casas, Xulio
Sigüenza, Manuel Luís Acuña, Florencio Delgado Gu-
rriarán, etc.; algúns deles reflicten ademais a influen-
cia doutras correntes vangardistas.

Luís Amado Carballo

Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927) foi considerado o mestre do hилоzoísmo. Publicou dous poemarios: un deles en vida, Proel (1927), e o outro, O galo (1928), editárono postumamente os seus amigos despois de que o poeta morrese tuberculoso. Proel consta de trinta e cinco poemas en que aparecen motivos como a bandeira, o escudo, o mundo exterior (a natureza, o solpor, o faro, o cruceiro...), pero tamén espazos da Pontevedra urbana e o amor por Marucha (que sería a súa compañeira e que semella un anaco máis de vida natural).

Pola súa banda, O galo contén dezasete composicións con gran variedade de topónimos que serven para suxerir connotacións líricas.

Xeralmente, Amado Carballo realiza en cada un dos seus poemas unha auténtica fotografía do instante, escollendo algúns elementos da natureza nun momento concreto do día ou do ano e describíndoos con verdadeira riqueza sensorial. Noutras ocasións une ás plásticas imaxes e ás sinestesias certa ironía e humorismo:

O neotrobadorismo

O neotrobadorismo xorde a partir de 1926, cando Fermín Bouza Brey publica na revista Nós o poema «Lelías ao teu ouvido», no que mostra a influencia de estruturas das composicións líricas medievais. Este influxo difúndese amplamente a partir da publicación das cantigas de amigo e de amor, da man do portugués José Joaquim Nunes entre 1928 e 1933. Neste último ano saen á luz as dúas obras fundacionais do neotrobadorismo: Nao senlleira, de Bouza Brey, e Cantiga nova que se chama ribeira, de Alvaro Cunqueiro.

Esta tendencia do período das vangardas baséase unha vez máis na tradición; máis ca falar dunha escola cómpre referirse a un grupo de autores que reproducen trazos neotrobadorescos. É posible afirmar, entón, que o neotrobadorismo agrupa unha serie de manifestacións textuais que tiveron como modelo a obra dos trovadores galego-portugueses medievais no que se refire á métrica, á rima, á forma, aos temas e ao léxico. Aínda así, combina estes aspectos tradicionais con imaxes propias das vangardas.

Os dous maiores artifices do neotrobadorismo son os autores mencionados: Fermín Bouza Brey e Alvaro Cunqueiro.

Fermín Bouza Brey

(Ponteareas, 1900-Compostela, 1973) fundou no ano 1923, xunto con outros oito membros, o Seminario de Estudos Galegos. Publicou dous libros de poemas: *Nao senlleira* (1933) e *mais Seitura* (1955). Non todas as composicións destes poemarios presentan carácter neotrobadoresco.

A primeira das súas obras, conformada por trece composicións, vai precedida dunha autopoética na que declara: «Teño procurado recuperar as tradicións dos nosos clásicos: os cancioneros medievais e o pobo». Toma entón das cántigas e da literatura popular estruturas formais coma o refrán e o paralelismo, a ambientación (moitas veces das mariñas ou barcarolas) e o léxico. Mais o seu coñecemento da literatura do momento fai que sexa posible atopar nos seus versos imaxinería propia das vangardas. Crea os seus poemas atendendo fundamentalmente ao son, á ordenación dos fonemas, pero tamén ao xogo interno da sintaxe e á efectividade do vocabulario:

Soutelo do teu ollar,
ermida do teu lentor,
congostra das túas verbas...
¡romaxe do meu amor!
Cantiga do teu refaixo
lelia do teu corpiño
música do teu mantelo
¡foliada do meu cariño!

En canto aos temas tratados, en *Nao senlleira*, son fundamentais a paisaxe (primordialmente o mar), a soidade e o amor. Por outra parte, no plano métrico-rítmico, aínda que non falta o verso libre, en numerosos poemas consérvase a rima (asonante ou consonante) e mantense a regularidade métrica en pareados, tríades, romances, sonetos...

O seu segundo poemario, *Seitura*, é un libro recompilatorio constituído por trinta e tres poemas escritos entre 1933 e 1954, polo tanto con pezas non pertencentes propiamente ao período que estamos estudando. Os motivos presentes nel céntranse na exploración do mundo exterior (a natureza) e do mundo interior, preguntándose pola infancia, a relixiosidade e a misión da propia poesía.

Álvaro Cunqueiro

Naceu en Mondoñedo en 1911 e morreu en Vigo en 1981. Destacou fundamentalmente como narrador, aínda que tamén como dramaturgo e xornalista. Cómpre dedicar a este autor unha epígrafe independente por cultivar varias das tendencias vangardistas nas súas obras:

- o cubismo en *Mar ao norde* (1932),
- o surrealismo en *Poemas do si e non* (1933)
- e o neotrobadorismo en *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933), nas «Cántigas de amor cortés» incluídas no libro *Dona de corpo delgado* (1950) e no poema «Pero Meogo no verde prado», de *Herba aquí e acolá*.

As tres obras que publica na década de 1930 mostran as seguintes particularidades:

- Mar ao norde* está constituído por poemas breves agrupados baixo catro epígrafes: «Porto», «Mar outa», «Illa» e «Terra adentro». O mar é o motivo central da obra. Trátase

dun mar hermético e abstracto que nos lembra o de Manuel Antonio.

- Pola súa banda, Poemas do sí e non organizase nos seus oito apartados dun xeito simétrico que conforma unha especie de caligrama. Relata unha historia de amor e erotismo vista desde unha perspectiva de grande abstracción. Nestas composicións, nas que predomina o verso libre moi longo, rómpese a orde sintáctica e son frecuentes as imaxes irracionais.

- En Cantiga nova que se chama ribeira, Cunqueiro experimenta con outro dos ismos, o neotrobadorismo, mais non dun modo tan clásico e formal coma o de Bouza Brey. O poeta emprega recursos paralelísticos e un léxico medievalizante, pero elimina o compoñente narrativo cunha economía verbal que esencializa os conceptos. Procura o valor fónico e lúdico das estruturas paralelísticas engarzadas nunha serie de brillantes imaxes propias do selo vangardista:

No niño novo do vento
 hai unha pomba dourada,
 meu amigo!
 Quen puidera namorala!
 Canta ao luar e ao mencer
 en fruta de verde olivo.
 Quen puidera namorala,
 meu amigo!
 Ten áers de frol recente,
 cousas de recén casada,
 meu amigo!
 Quen puidera namorala!
 Tamén ten sombra de som-
 bra
 e andar primeiro de río.
 Quen puidera namorala,
 meu amigo!

ACTIVIDADES CON TEXTOS

Imaxínate nun barco en medio dun mar calmo, sen o vento necesario para impulsar as súas velas, sen o sol imprescindible para orientarte; quizais a túa sensación de soidade sería tan profunda como a do autor.

Sós
Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sen marco

Roubáronnos o vento
Aquel veleiro que se evadiu
pola corda frouxa do horizonte

Este océano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
orientáronse ao esquizo
As nosas soidades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe
Pero tamén sabemos a manobra
dos navios que fondean
a sotavento dunha singradura

No cuadrante estantío das estrelas
ficou parada esta hora:
Fume de pipa Saudade
Noite Silencio Frío

E ficamos nós sós
sen o mar e sen o barco
nós.
Busca no texto imaxes que suxiran estatismo e soidade.
! O barco adoita significar o eu do poeta, en consecuencia explica qué che suxiren, despois do estatismo, os seguintes versos: O cadáver do Mar /fixo do barco un cadaleito.
! ¿Que che suxiren os espazos en branco da derradeira estrofa?

Xa sabes que o libro de De catro a catro é unha versión poética dun diario de a bordo. Nel o poeta anota os pormenores da súa viaxe. Neste poema confesa ó seu diario a súa experiencia nun bar de mariñeiros, unha moi devecida pausa despois dunha longa, rutineira e solitaria singradura (lembra o poema anterior).

Navy Bar

Este bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Enchéronnos o vaso
con toda a auga do Mar
pra compor un cock-tail de horizontes

Pendurados das horas
atlas xeográficos de esperantos
están sen tradución
E tatean as pipas
co ademán políglota das bandeiras

Ese cantar improvisado
é o mesmo
que xa se improvisou nalgures

¿Quen chegou avisándonos
desa cita nocturna que temos
co vento ao NE
na encrucillada das estrelas apagadas?

Aquí bebe de incógnito
o Mariñeiro Descoñecido
—sin xeografía nin literatura—

A noite dos naufraxios
co seu brazo salvavidas
aferrará connosco unha vela de chuvascos

O vaso derradeiro
estaba cheo de despedidas

Polas rúas dispersas
iámonos fechando
cada un dentro da súa alta-mar

No repouso dalgún vaso
tódalas noites naufraga o Bar.

! O Creacionismo consistía na sucesión de imaxes e metáforas moi orixinais e connotadoras de diversas interpretacións para a sorpresa e deleite do lector interesado. ¿Cres que este poema é un bo exemplo?

Este poema pecha o libro. É evidentemente unha despedida pero ¿de que e de quen?

Adeus
Entre a calima
transpondo o meu ollar
esquivouse o velamio
Deixounos a badía chea da súa ausencia
e a mañá sen perspectiva

Agora en terra
arredado de min mesmo
por un océano de singraduras
o vento da Ría
vai virando a folla de cada emoción

—O Sol indiferente
Serea augardentosa dos vapores
un retraio de fume
no rompeolas da paisaxe
As engranaxes da grúa
esmoen a mañá morna—

Debaixo dos meus pasos
xorde o ronsel da Vila natal
Ela cos brazos cheos de sono
teima salvarme dun naufraxio antigo
E os meus ouvidos incautos
queren dormir no colo
das cantigas vellas

Eu cacheaba tódolos segredos
das miñas mans baldeiras
por que algo foi que se me perdeu no Mar

..alguén que chora dentro de min
por aquel outro eu
que se vai no veleiro
pra sempre
coma un morto
co peso eterno de tódolos adeuses
! No poema hai unha despedida e un
reencontro. Reflexiona sobre a transcendencia
dos dous feitos.
! Nas novelas clásicas como A Odisea, A Eneida
ou en Road Movies como Telma e Louis, o
argumento xira arredor dunha viaxe. Ese periplo
a medida que discorre a acción e se suceden as
tribulacións, fai cambiar a personalidade dos
personaxes, é o que se chama unha viaxe
iniciática. ¿En que medida cres ti que sucede algo
parecido neste poema?

Aquí tes un poema que exemplifica o estilo
imaxinista de Amado Carballo.

Noite Mareira
No ébano xélido
do skating da ría,
voltexando ledas
esvaraban as luces da vila.

No fío da praia
as dornas durmidas,
debruzadas carón da marea
nun soño de illas.

Nas ponlas do vento
o trebón pousado
era un moucho de negro plumaxo
que agoira os naufraxios.

Unha lúa verde penduraba no mouro
silencio un longo sorriso de esquelete vello.
! Busca no texto casos de personificación,
ou o que é o mesmo, a aplicación de
características humanas a obxectos ou seres
non humanos.
! Moitos poemas de Amado Carballo son
como lenzos onde o poeta pinta con
palabras unha paisaxe. Neste caso pinta
unha mariña, ¿por que? ¿E a que hora do
día?